

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OLEIROS

Secretaría Xeral

Aprobación definitiva Regulamento Municipal de Acción Voluntaria no Concello de Oleiros

ANUNCIO

O pleno municipal, na súa sesión ordinaria celebrada o día 30 de xuño de 2016, acordou aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto do “REGULAMENTO MUNICIPAL DE ACCION VOLUNTARIA NO CONCELLO DE OLEIROS E O SEU ANEXO I”, dando conformidade co establecido no artigo 65.2 en relación co 70.2, ámbolos dous da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o expediente de referencia quedou sometido a información pública e audiencia ós interesados polo prazo de 30 días desde a publicación no BOP nº 70 de 14 de abril do 2016 para a presentación de alegacións. Transcorrido o antedito prazo, presentáronse enmendadas, as cales foron resoltas no pleno de 30 de xuño, sendo desestimadas, polo que se procede á publicación íntegra do texto do Regulamento para a súa entrada en vigor:

REGULAMENTO MUNICIPAL DA ACCION VOLUNTARIA NO CONCELLO DE OLEIROS

Exposición de motivos

A participación da cidadanía na vida política, económica, cultural e social é unha aspiración propia de toda sociedade moderna e democrática. Por outra banda existe tamén o compromiso dos poderes públicos para facilitar e promover as condicións necesarias para facer efectiva e estimular a referida participación a través de programas de voluntariado social.

Esta participación social vese consolidada cando as persoas e os grupos que integran se desenvolven por si mesmos, dunha forma totalmente libre, altruísta e solidaria, para procurar o benestar social e mellorar a calidade de vida da comunidade.

Outro dos motivos é dar continuidade ao Programa Municipal de Acción Voluntaria da Concellería de Servizos Sociais e Sanidade do Concello de Oleiros, que ten como un dos seus obxectivos específicos fomentar e consolidar a Oficina Municipal de Acción Voluntaria no Concello de Oleiros.

Este regulamento, polo tanto, nace co fin de regular o conxunto de relacións entre as persoas voluntarias, organizadas dentro do Voluntariado Municipal, dentro do Concello de Oleiros, tendo como misión establecer unha estrutura estable e sólida que encamiñe e desenvolva con efectividade a acción solidaria no municipio

Neste marco de acción solidaria, os voluntarios e as voluntarias, ocupan un lugar prioritario, son impulso desta acción, axentes e protagonistas dun proceso de desenvolvemento social do que se benefician persoas e grupos sociais e tamén o propio voluntariado.

Marco normativo

- A Carta europea para os voluntarios, do 18 de outubro de 1951, ratificada por España en 1980, que no seu art. 12 propón estimular a participación das persoas.
- O artigo 9.2 da Constitución, onde recolle que os poderes públicos deberán facilitar a participación de toda a cidadanía na vida social.
- A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece que un dos obxectivos do sistema galego de servizos sociais será promover e dinamizar a participación comunitaria e o asociacionismo solidario, a axuda mutua e a implicación da cidadanía na posta en marcha de iniciativas de prevención e mellora da cohesión social
- O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, que no seu artigo 9.1.a recolle como un dos programas dos servizos sociais comunitarios o programa de fomento da cooperación e solidariedade social, que facilite a participación comunitaria en tarefas colectivas, impulse o asociacionismo solidario e, en especial, a organización e coordinación do voluntariado social.
- A Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia, na que establece o marco normativo autonómico
- A Lei 45/2015, do 15 de outubro, de voluntariado, onde recolle o marco normativo a nivel estatal da acción voluntaria

TÍTULO PRELIMINAR: DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Ámbito de aplicación

Será de aplicación a toda a actividade que o voluntariado desenvolva nos programas, proxectos ou actuacións que promova e desenvolva directamente o Concello de Oleiros e outras entidades dependentes del e que se realizarán, con carácter xeral, no seu termo municipal.

Poderá abarcar todos os ámbitos:

- Social: apoio ás persoas en situación de necesidade, falta de dereitos e oportunidades, para mellorar a súa calidade de vida e acadar unha maior xustiza social.
- Cultural: recuperación e conservación da identidade cultural.
- Educativo: colaboración en programas de apoio e carácter educativo.
- Deportivo: colaboración na organización de eventos deportivos
- Medioambiental: diminuír o impacto negativo sobre a flora e a fauna, a protección e recuperación de especies e espazos naturais, inculcando a conciencia medioambiental entre a cidadanía, etc.
- Saúde: promoción da saúde e de hábitos de vida saudable, así como o apoio na resposta a situacións de necesidade sanitaria...
- Participación cidadá e civismo: fomentar a participación e no desenvolvemento da vida asociativa e da promoción do voluntariado, colaboración e concienciación en actividades de cooperación internacional...
- Apoio a colectivos vulnerables: loita pola inclusión real e efectiva de todas as persoas, pola igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, pola infancia e a mocidade, pola acollida e integración da poboación extranxeira e grupos étnicos minoritarios, polo apoio ás persoas maiores...
- Tempo libre: promover un desfrute do tempo de lecer baseado en valores, actitudes positivas e coñecemento do entorno
- Investigación: apoio no análise da realidade social co obxectivo de traballar para a súa mellora continua
- Calquera outras de natureza análoga baseada nos principios e valores do voluntariado

As persoas destinatarias da actividade do voluntariado poderán ser persoas individuais, grupos de persoas, comunidades e organizacións que formen parte do tecido social do municipio.

Artigo 2. Definición de voluntariado

Para os efectos do presente regulamento, enténdese por Voluntariado Municipal, o conxunto de persoas físicas que desenvolven un conxunto de actividades de interese xeral, no ámbito territorial do municipio, con carácter habitual, sempre que as ditas accións non se realicen en virtude dunha relación laboral, funcionarial, mercantil ou calquera outra retribuída.

A persoa voluntaria debe non só enfrontarse á realidade social dos máis desfavorecidos senón ademais situalo nun marco de relación cercano e sensible coa cidadanía. Ante as necesidades concretas da propia sociedade civil, o voluntariado promove iniciativas para actuar nelas sempre a favor de persoas ou colectivos.

O Voluntariado de Oleiros enténdese como unha organización de persoas voluntarias unidas por uns obxectivos e elementos comúns:

Misión

Consolidar unha estrutura sólida e estable para o programa municipal de acción voluntaria con proxectos e actividades nos distintos ámbitos (social, cultural, educativo, deportivo, medioambiental, etc.) en beneficio do desenvolvemento dunha sociedade mellor, mais xusta e igualitaria.

Visión

Ser percibidos como un referente dentro do municipio, que lidere a acción do voluntariado con criterios de excelencia no seu desenvolvemento, tendo como eixe ás persoas e o seu contorno.

Valores

- As capacidades e o compromiso real que achega cada persoa ao voluntariado, elementos que son tan variados e válidos como as persoas que o forman.
- O apoio e a capacidade do Concello de Oleiros para facilitar e promover as actividades solidarias e consolidalas no Voluntariado Municipal.

· A capacidade de organizarse de xeito proactivo e consolidar un grupo onde caiban e se desenvolvan múltiples e variados proxectos.

As persoas voluntarias poñerán de forma gratuíta as súas capacidades, coñecementos, habilidades e calidades persoais ao servizo das necesidades da comunidade, sendo os seus fins e obxectivos coincidentes cos do concello contribuíndo, a través dun traballo organizado en equipo, a elevar a calidade de vida e un maior benestar social na súa contorna.

Artigo 3. Principios da acción voluntaria

As persoas voluntarias deberán manter os seguintes principios na súa acción dentro do voluntariado:

- Que teña carácter altruísta e solidario
- Que a súa realización sexa libre, non motivada por ningún tipo de obrigación persoal ou deber xurídico.
- Que non comporten unha contraprestación económica, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos que as ditas actividades voluntarias ocasionen.
- Que sexa respectuosa coas persoas ás que vai dirixida e cos obxectivos e contidos do proxecto no que se desenvolva.

Quedan excluídas polo tanto, as actuacións voluntarias illadas ou esporádicas, prestadas con carácter individual ou executadas por razóns familiares, de amizades ou veciñais. Non poderá en ningún caso substituír o traballo retribuído.

TITULO PRIMEIRO: DA PERSOA VOLUNTARIA

Artigo 4. Funcións das persoas voluntarias

As funcións das persoas voluntarias poden ser múltiples en concordancia coa actividade e responsabilidade que asuma dentro da estrutura do Voluntariado Municipal, en todo caso, con carácter xeral, son:

- Participación no deseño e avaliación dos proxectos e/ou actuacións nas que se incorpore.
- Participación no deseño e divulgación das campañas que se poñan en marcha, relacionadas co voluntariado e consulta nas decisións que afecten ás súas accións.
- Realización das actividades propias dos proxectos aos que está adscrito.

Orientarase á persoa voluntaria cara a aquelas actividades máis adecuadas ás súas aptitudes e respectando, en todo caso, a súa vontade.

Artigo 5. Quenes poden participar no voluntariado de Oleiros

Poderán participar como persoas voluntarias no Voluntariado de Oleiros e incorporarse como tales, todas aquelas persoas físicas, maiores de idade e menores, debidamente autorizadas polos seus pais, nais ou titores/as, que se atopen en condicións de participar nos distintos proxectos de acordo aos principios e valores expostos anteriormente e tras seguir o procedemento establecido en cada momento para a súa incorporación.

Artigo 6. Dereitos e deberes das persoas voluntarias

A actividade da persoa voluntaria enmarcase nun compromiso persoal de acordo cun marco de deberes que derivan da responsabilidade asumida e da importancia da acción que se realiza.

Á vez, estes deberes ou compromisos van acompañados de dereitos que garanten á persoa voluntaria poder desenvolver a súa actividade con normalidade e cos medios necesarios.

Estes dereitos e deberes permiten o exercicio da responsabilidade social e garanten todos os beneficios que se derivan da acción voluntaria, contéplanse no marco legal que rexe as accións do voluntariado e recóllense expresamente no compromiso de colaboración voluntaria.

Artigo 6.1. Dereitos das persoas voluntarias

- Recibir, tanto con carácter inicial como permanente, información, formación, orientación e apoio, así como os medios materiais necesarios para o exercicio das funcións que se lles asignen.
- Ser tratadas en condicións de igualdade, sen discriminación, respectando a súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.
- Participar activamente na organización, colaborar na elaboración, deseño, execución e avaliación dos programas ou proxectos, de acordo cos seus obxectivos ou normas de aplicación e na medida que estas o permitan.
- Estar cuberto por un seguro contra os riscos de accidentes e enfermidade, así como de responsabilidade civil, derivados directamente do exercicio da súa actividade voluntaria.

- Dispoñer dunha acreditación identificativa da súa condición de integrante do Voluntariado Municipal do Concello de Oleiros.
- Ser recoñecida a súa contribución no desenvolvemento dunha acción solidaria, podendo obter unha acreditación da actividade desenvoltoa.
- Realización da actividade en condicións de seguridade e hixiene en función das características daquela.
- Reembolsarlles os gastos realizados no desempeño das súas actividades, nos termos en que así se acordase.
- Cambiar de programa ou actividade, cando sexa posible e existan causas xustificadas que así o aconsellen para a mellor execución da acción voluntaria.
- Que os seus datos de carácter persoal sexan tratados e protexidos de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
- Rescindir o compromiso de forma libre, debendo facerse coa debida antelación co fin de evitar prexuízos no desenvolvemento do proxecto.

Artigo 6.2. Deberes das persoas voluntarias

- Cumprir os compromisos adquiridos no acordo de incorporación.
- Gardar a debida confidencialidade da información recibida e coñecida no desenvolvemento da súa actividade voluntaria.
- Rexeitar calquera contraprestación material ou económica que puidese recibir tanto da persoa beneficiaria como doutras persoas relacionadas coa súa acción.
- Respetar os dereitos das persoas beneficiarias da súa acción voluntaria.
- Utilizar de forma axeitada e debidamente a acreditación do voluntariado, que deberá ser renovada coa periodicidade que se estableza.
- Dilixencia e atención no exercicio das súas actividades.
- Realizar un mínimo de 30 horas anuais de acción voluntaria, sempre de acordo a súa dispoñibilidade real e ao seu compromiso.
- Respetar e coidar os recursos que se poñan á súa disposición para o exercicio da súa actividade.
- Cumprir as medidas de seguridade e saúde.
- Observar as normas sobre protección e tratamento de datos de carácter persoal de acordo coa normativa vixente en cada momento.
- Asistir ás sesións de formación ás que sexan convocadas.
- Coñecer e cumprir o contido do presente regulamento.

Artigo 7. Da súa incorporación e desvinculación

- A incorporación da persoa voluntaria ao Voluntariado do Concello de Oleiros será sempre a iniciativa do/a interesado/a.
- O departamento municipal responsable do Voluntariado, establecerá un procedemento de incorporación que constará dunha ou varias entrevistas persoais, nas que se informará á persoa interesada dos compromisos, os proxectos, así como reunir datos acerca dos seus intereses e do seu perfil, co fin de ofrecerlle a posibilidade de participar nos proxectos mais axeitados.
- A incorporación vai vinculada necesariamente a un acordo de incorporación por escrito, asinado pola persoa interesada, no que se recollan os compromisos, así como os dereitos e deberes que implica.
- A proposta do persoal técnico responsable da Oficina Municipal de Acción Voluntaria se nomeará á persoa voluntaria e, con posterioridade, se lle entregará a acreditación persoal como voluntario/a. Esta acreditación devolverase ao Concello de Oleiros ao finalizar a acción voluntaria.
- A relación de participación no programa do voluntariado finalizará a petición propia, por declaración de incapacidade ou inhabilitación para o exercicio de cargos públicos por sentenza firme, por exclusión do programa por decisión motivada polo Concello de Oleiros ou por perda dos requisitos de acceso para a incorporación.
- Acordada e notificada a baixa á persoa voluntaria esta procederá a devolver a acreditación.

- En todo caso librarase, a petición previa do/a interesado/a, un documento no que consten os servizos prestados e a causa pola que se acorda a baixa.
- O persoal técnico responsable da Oficina Municipal de Acción Voluntaria levará a termo o seguimento e a avaliación da acción voluntaria.
- En caso de incumprimento dos deberes adquiridos no acordo de incorporación e en especial aquilo que fai referencia á atención das persoas beneficiarias dos proxectos, poderase excluír do programa á persoa voluntaria, previa comunicación e de forma motivada.

Artigo 8. O procedemento de incorporación

A relación entre a persoa voluntaria e o Concello de Oleiros establecerase sempre a través da sinatura dun acordo de incorporación que constitúe o instrumento principal da súa definición e regulación. Realizarase por duplicado e asinado por ambas partes, tras manter unha serie de entrevistas co obxectivo dun maior coñecemento mutuo entre as partes.

O acordo de incorporación terá o contido mínimo seguinte:

- O conxunto de dereitos e deberes que corresponden a ambas partes.
- A descrición das funcións, actividades e tempo de dedicación que se compromete a realizar a persoa voluntaria.
- O réxime de gastos reembolsables que deberían aboarse de ser o caso.
- A formación que se requira para o desenvolvemento do proxecto no que vai participar.
- A duración do compromiso, así como as causas e forma de desvinculación por ambas partes.

Se houberse cambios respecto a ese acordo inicial se irán recollendo en documentos anexos a esa acordo de incorporación.

TITULO SEGUNDO: DA ORGANIZACIÓN DO VOLUNTARIADO

Artigo 9. A Oficina Municipal de Acción Voluntaria

A Oficina Municipal de Acción Voluntaria é o programa a través do que o Concello de Oleiros desenvolve e canaliza a participación do voluntariado social, un programa que se enmarca dentro dos Servizos Sociais Comunitarios e dependente da concellería que englobe as competencias en materia de servizos sociais.

Dentro do orzamento municipal anual figurará unha consignación económica na partida correspondente para poder desenvolver a súa actividade.

Un/ha profesional do equipo técnico dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Oleiros exercerá a función de coordinar toda a actividade da Oficina Municipal de Acción Voluntaria. Ademais das funcións propias da coordinación por parte do/da técnico/a que exerza esta competencia, terá as seguintes:

- Crear e manter un rexistro do voluntariado municipal, no que se reflectirán as datas de alta e baixa de todo o voluntariado, así como todo o relativo a súa acción voluntaria.
- Asegurarse do cumprimento dos compromisos e os deberes adquiridos coas persoas voluntarias no acordo de incorporación.
- Facilitar a información e os medios necesarios para o correcto desenvolvemento das actividades das persoas voluntarias, así como programar a formación anual necesaria para os obxectivos dos distintos proxectos.
- Procurar as de buscar colaboracións necesarias doutras entidades, públicas ou privadas, para o desenvolvemento dos distintos proxectos.

Artigo 10. Relacións entre o voluntariado e o Concello de Oleiros

O/A coordinador/a da Oficina Municipal de Acción Voluntaria será a persoa responsable de servir de enlace entre as persoas voluntarias e o Concello de Oleiros.

Cada proxecto no que participe o voluntariado deberá ter designada unha persoa responsable da actividade por parte do departamento dende o que se desenvolva, así como o soporte técnico e material necesario para o seu desenvolvemento, que se encargará de adoptar as medidas de seguridade e prevención que correspondan en cada caso.

A organización da Oficina Municipal de Acción Voluntaria será dinámica e acorde ao volume de proxectos activos e ao número de persoas voluntarias en cada momento. Non obstante, como mínimo, contará cunha asemblea xeral e un equipo de coordinación.

Artigo 11. A Asemblea Xeral do Voluntariado

A Asemblea Xeral será o ente democrático que represente a vontade colectiva do Voluntariado de Oleiros, que elixa ás persoas voluntarias que exerzan a coordinación de cada proxecto e integren o equipo de coordinación, escoite as súas propostas e avalíe toda a actividade.

Será convocada con carácter ordinario polo equipo de coordinación en datas programadas e coa suficiente antelación, en todo caso nun mínimo de dúas anuais, e sempre unha nos dous primeiros meses do ano co obxectivo de planificar a actividade anual.

Poderá ser convocada con carácter extraordinario cando mais da metade do censo do voluntariado activo o solicite por escrito á Coordinadora da Oficina Municipal de Acción Voluntaria, neste caso se convocará a asemblea nun prazo máximo de 30 días.

As convocatorias, en ambos casos, se realizarán polos medios de comunicación colectiva do voluntariado e de xeito directo por sms a cada persoa do censo do voluntariado.

A asemblea será presidida polo/a coordinador/a da Oficina Municipal de Acción Voluntaria, quen nomeará un/unha voluntario/a como secretario/a, coa función de levantar acta das persoas asistentes, dos temas tratados e das decisións adoptadas. A dita acta irá asinada polo/a presidente/a, o/a secretario/a e as persoas presentes que desexen facelo.

Son facultades da asemblea:

- Debater amplamente os puntos da orde do día de cada asemblea para os que foi convocada.
- Elixir e revogar os cargos das persoas voluntarias que coordinen os distintos proxectos.
- Avaliar os proxectos
- Avaliar e propoñer en canto á organización do Voluntariado, as súas finalidades e o seu regulamento.

Artigo 12. Equipo de coordinación do Voluntariado

Estará constituída polo/a Coordinador/a da Oficina Municipal de Acción Voluntaria e, como mínimo, por unha persoa voluntaria, debendo constar outra de suplente, que se encargarán das relacións co voluntariado así como da coordinación dos equipos permanentes e dos de cada un dos proxectos que se desenvolvan.

As funcións deste Equipo de Coordinación do Voluntariado son:

- Planificar, organizar e implementar a acción voluntaria
- Diseñar unha programación anual, definindo prioridades, liñas de actuación e variables do contorno que conformen un marco de actuación de referencia. Esta programación será debatida e aprobada na Asemblea Xeral e posteriormente trasladada á/ao responsable política/o da concellaría da que depende o voluntariado co obxecto de tomar as medidas para levalo a cabo na medida das do posible.
- Revisar e manter unha organización, estrutura, documentos e procedementos acorde ás dimensións do voluntariado que facilite e optimice o logro dos seus obxectivos e programas.
- Publicar e divulgar as informacións apropiadamente.
- Elaborar e divulgar o calendario xeral do voluntariado, onde se establezan as datas das reunións ou actos de relevancia.
- Coordinar e facilitar un funcionamento eficiente dos equipos.
- Avaliar periodicamente a marcha dos equipos e dos distintos proxectos.
- Asignar tarefas e encomendas aos distintos equipos relacionados coa súa área de actividade.
- Procurar os medios e ferramentas adecuadas aos equipos.
- Elaborar a memoria anual.

Artigo 13. Equipo de Imaxe e Comunicación

O obxectivo do equipo é desenvolver e soportar as actividades internas necesarias para que o voluntariado conte, na medida do posible, con:

- Un espazo web (internet e intranet). Espazo de internet como canle de comunicación bidireccional co contorno do voluntariado: publicacións, noticias, canles de contacto, etc. Espazo intranet para as comunicacións efectivas dos voluntarios, hemeroteca, arquivo de fichas e documentación en xeral.

- Manter unha imaxe corporativa da documentación do voluntariado acorde ás normativas do Concello e do mesmo voluntariado.

- Xestionar os trámites internos e externos do voluntariado como apoio á Coordinación do Voluntariado.
- Manter arquivo e hemeroteca do voluntariado.
- Cursos en liña.
- Coidado e divulgación do material de formación.
- Loxística xeral.
- Formación dos voluntarios.

Constituída por 2 persoas voluntarias coordinadoras, que teñan polo menos 3 meses de formación dentro do voluntariado, que serán propostas polo resto de integrantes do mesmo equipo. Unha delas fará a función de coordinación do equipo e o outra ás veces de suplente. Serán elixidas na Asamblea Xeral. A duración no cargo debe ser de 1 ano e poderá ser reelixida ata un máximo de 3 anos.

As funcións dos/as coordinadores/as son:

- Realizar o Plan anual para lograr os obxectivos.
- Organizar o equipo.
- Crear e revisar oportunamente os procedementos operativos do equipo.
- Crear os calendarios de traballo do equipo.
- Procurar e prover os medios e ferramentas adecuadas para o equipo.
- Participar nas asembleas do voluntariado.
- Realizar os informes de actividade para o Equipo de Coordinación.
- Crear e revisar os formatos de boletíns ou informes do voluntariado.
- Realizar a memoria anual da actividade do equipo.

Artigo 14. Equipo de investigación e desenvolvemento

Este equipo funcionará como motor de investigación e desenvolvemento, recepción, procura e avaliación de novos proxectos do voluntariado ou recuperación daqueles que queden inactivos se fosen necesarios novamente.

Constituída por 2 persoas voluntarias coordinadoras, que teñan polo menos 3 meses de formación dentro do voluntariado, que serán propostas polo resto de integrantes do mesmo equipo. Unha delas fará a función de coordinación do equipo e o outra ás veces de suplente. Serán elixidas na Asamblea Xeral. A duración no cargo debe ser de 1 ano e poderá ser reelixida ata un máximo de 3 anos.

As funcións dos/as coordinadores/as son:

- Crear os medios de contacto coa contorna do voluntariado.
- Percibir e detectar as necesidades existentes onde poida implicarse a acción do voluntariado.
- Avaliar e estudar a viabilidade e proveito da actividade voluntaria antes de convertela en proxecto.
- Avaliar os recursos necesarios para realizar no futuro ese potencial proxecto.
- Describir o perfil das persoas voluntarias para o potencial proxecto para realizar a súa captación e formación.
- Proporcionar un sistema para avaliar os novos proxectos.
- Someter a avaliación e estudo ao equipo de coordinación.
- Converter o estudo en Proxecto.

O equipo de avaliación de proxectos poderá manter máis dun proxecto en estudo ata tanto non se descarte ou se converta en proxecto, creando así un novo equipo de proxecto.

Artigo 15. Equipos dos proxectos

Constituídos por todas as persoas voluntarias involucradas nun proxecto concreto e coordinada por unha delas, sendo tamén nomeada unha como suplente, que serán designadas por consenso entre as persoas que formen parte dese equipo. Deberán ter polo menos 3 meses de formación dentro do voluntariado. A duración no cargo debe ser de 1 ano e poderá ser reelixida ata un máximo de 3 anos.

As funcións do/a coordinador/a e o/a suplente son:

- Realizar o Plan anual da Area de proxectos
- Organizar o equipo.
- Crear e revisar oportunamente os procedementos operativos do equipo.
- Crear os calendarios de traballo do equipo.
- Procurar e prover os medios e ferramentas adecuadas para o equipo.
- Participar nas asembleas do Voluntariado e nas reunións do equipo de coordinación.
- Realizar os informes de actividade para o equipo de coordinación.
- Contribuír coa divulgación e publicación de boletíns ou informes da súa actividade.
- Realizar a Memoria anual da actividade do equipo.

Disposición final: Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP

ANEXO 1: modelo do compromiso de incorporación da persoa voluntaria

COMPROMISO DE INCORPORACIÓN Á OFICINA MUNICIPAL DE ACCIÓN VOLUNTARIA DO CONCELLO DE OLEIROS

Oleiros, de de

Dunha parte

....., coordinadora da oficina Municipal de Acción Voluntaria do Concello de Oleiros, en representación do Concello de Oleiros con número de rexistro EAV – L-12 (en adiante “a entidade”)

E doutra parte

....., con DNI/NIE....., nacido/a o con domicilio en na localidade de con teléfono e con correo electrónico en adiante (“o/a voluntario/a”)

Por medio do presente documento e de acordo ao marco legislativo que regula o voluntariado, ambas partes recoñécense mutuamente plena capacidade para asinar o presente compromiso de colaboración no que:

1. As accións que desenvolva no marco da súa actuación como persoa voluntaria non se realizan, segundo se recolle no artigo 2 do Regulamento Municipal da Oficina de Acción Voluntaria do Concello de Oleiros, “en virtude dunha relación laboral, funcional, mercantil ou calquera outra retribuída”

2. O/A Voluntario/a recibe unha copia do dito regulamento, no que se recollen os dereitos e deberes do seu compromiso, os principios da súa actuación e a organización e funcionamento do voluntariado.

3. O/A Voluntario/a, tras ser informado/a dos distintos proxectos que se están a levar a cabo, manifesta a súa vontade de colaborar nos seguintes:

- 1)
- 2)
- 3)
- 4)
- 5)

4. O/A Voluntario/a comprométese a desenvolver a actividade mínima prevista no regulamento de 30 horas anuais e a realizar a formación necesaria para desenvolver a súa actividade.

O que asinan, en proba da súa conformidade

O/A coordinador/a da
Oficina Municipal de Acción Voluntaria

O/A Voluntario/a

Asdo.

Asdo. “

Oleiros, 1 de xullo de 2016

O ALCALDE

ANGEL GARCIA SEOANE